

# **PLAN DE CONVIVENCIA**

## **1. O CENTRO DOCENTE, CARACTERÍSTICAS E CONTORNO**

### **1.1. Características do centro.**

A descrición e as características do Colexio Ferroviario están escritas detalladamente no apartado I do Proxecto Educativo de Centro. Para un coñecemento exhaustivo e detallado do centro pode remitirse aos puntos deste artigo que trata sobre: creación, sede, denominación, instalacións e medios, persoal docente e non docente, a zona educativa do colexio e as relacións do colexio con outras entidades e institucións.

### **1.2. Situación actual da convivencia.**

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, bos canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta. Para isto, elaboráronse unhas regras de boa convivencia e unha normativa que deben regular o funcionamento do centro.

Na actualidade o clima de convivencia no centro é bo. Non se observan serios problemas, aparecendo de cando en vez, principalmente nos primeiros cursos da ESO, algún conflito esporádico, que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor (quedar sen recreo algunha tarde, deberes extra, charla coa orientadora etc). Nalgún caso debe tomarse algunha medida máis severa.

### **1.3. Respostas do centro a estas situacións.**

A resposta educativa do equipo directivo e o profesorado no centro é a de promover a actitude de participación do alumnado a través das canles que ofrece o Regulamento de Réxime Interno (R.R.I.) no apartado 2 do Proxecto Educativo do Centro, as canles de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

Aínda que os problemas de convivencia son escasos, si é verdade que a obrigatoriedade da Etapa educativa da ESO no centro que abarca dos 12 aos 16 anos comporta, xunto a outros aspectos, a presenza nas aulas dun sector de alumnos que non encaixa ben coas actuais propostas educativas, xerando ás veces unha certa conflitividade. Isto estanos levando á reflexión de facer algún tipo de actuación específica para o próximo curso con este alumnado dos primeiros cursos dentro dun paradigma global de integración na súa clase.

#### **1.4. Relación coas familias e a comunidade.**

A relación coas familias é boa, con reunións de información e coordinación de carácter global e particular nas horas fixadas na programación. É relevante a actuación dos titores na coordinación coas familias.

As situacións particulares que afectan á convivencia e resolución de conflitos no centro adoitan ser comentadas coa familia se procede algún tipo de intervención ou información da conduta.

Tamén de forma esporádica fanse charlas informativas-formativas para pais co fin de dar pautas que melloren a educación dos seus fillos e a convivencia no centro.

#### **1.5. Experiencias de convivencia realizadas no centro.**

As experiencias que se desenvolveron este curso no centro para favorecer a convivencia podémolas resumir no seguinte:

- ✓ Debate e discusión sobre a Normativa do centro sobre convivencia nas aulas. Isto faise ao principio de curso na hora de tutoría.
- ✓ Potenciar habilidades de comunicación no alumnado para a mellora da convivencia do centro. Para iso, desenvólvense sesións de Habilidades Sociais en 2º, 3º e 4º da ESO na hora de tutoría.
- ✓ Fomentar a tolerancia, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica. Para iso, desenvólvense estratexias para a resolución de conflitos en 3º da ESO na hora de tutoría (1º trimestre e 3º trimestre).
- ✓ Programa de sensibilización contra os malos tratos entre iguais (bullying). Para iso explicáronse os conceptos principais e a forma de proceder para evitar que estas situacións se dean no centro, na hora de tutoría.
- ✓ Programa de sensibilización contra os malos tratos a muller. Para iso explicáronse os conceptos principais e a forma de proceder para evitar que estas situacións se dean. Na hora de tutoría.
- ✓ Información aos pais sobre os malos tratos entre compañeiros. Para iso haberá unha charla informativa e tratarase de reforzar a información que se deu aos alumnos en tutoría, incidindo nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.

## **1.6. Necesidades de formación.**

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos pensamos que é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade.

Faise necesario introducir a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación, intervención ante problemas de conduta, violencia nas aulas, malos tratos entre compañeiros, etc.

## **2. OBXECTIVOS E ACTITUDES QUE SE QUEREN ACADAR CO PLAN**

Para desenvolver este plan de convivencia no colexio ferroviario baseámonos nos seguintes principios ou obxectivos xerais:

1. A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias e alumnado) para o fomento dunha boa convivencia no centro.
2. En materia de convivencia e disciplina, baseámonos no Decreto 85/2007, do 12 de abril polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG do 08-05-2007).
3. Non consideramos os aspectos de convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos que se van desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
4. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental de todo proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima de participación e democrático é necesario potenciar estas condutas. Para iso foméntase a participación a través da asemblea de clase, da elección de delegado ou subdelegado en representación da clase, de estar representados na Xunta de Delegados, de participar no Consello Escolar, de participar na Comisión de Actividades Extraescolares, etc. Ademais, debe desenvolverse nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.
5. O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, servir como medio de aprendizaxe na procura dalgunha solución ao conflito de forma democrática, dialogada e pacífica, mantendo unha certa harmonía nas relacións entre as persoas.
6. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán,

porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo cuxa conduta requira a aplicación de medidas disciplinarias. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e de conduta.

7. As actitudes que se desenvolvan e a organización do centro en materia de convivencia deberán basearse nas seguintes **Normas de Convivencia**:

- a) Asistir a clase.
- b) Chegar con puntualidade.
- c) Seguir as orientacións do profesorado e do persoal non docente no exercicio das súas funcións.
- d) Tratar con respecto e consideración a todos os membros da comunidade educativa.
- e) Estudar con aproveitamento, así como respectar o dereito ao estudo dos compañeiros.
- f) Respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas de todos os membros da comunidade educativa.
- g) Non discriminar a ningún membro da comunidade escolar por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social.
- h) Coidar e utilizar correctamente os bens e instalacións do centro.
- i) Respectar as pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- j) Participar na vida e funcionamento do centro.
- k) Non realizar actividades prexudiciais para a saúde nin incitar a elas.
- l) Aprender habilidades pacíficas e non violentas na resolución de conflitos.

### **3. ACTIVIDADES PREVISTAS**

Con carácter xeral intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas na Programación Xeral Anual (PXA) e no Plan de Acción Titoría (PAT) dese curso escolar:

1. **Actividade:** Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Convivencia cos pais e alumnos. Pactar co alumnado estas Normas de funcionamento.

- Responsable: Equipo Directivo, titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Material impreso concretando o máis esencial do Plan e das Normas de Convivencia.

- Metodoloxía: Charla e debate cos pais. Activa e participativa.

- Espazos físicos: Sala de Usos múltiples e aula de titoría.

- Temporización: Durante o primeiro trimestre dedicarase 1 sesión con pais e 1 ou 2 sesións de tutoría cos alumnos.

2. **Actividade:** Difusión e debate dos "Estatutos Europeos para os centros educativos democráticos sen violencia".

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Anexo I da Orde relativa ao fomento da convivencia nos centros de Galicia.

- Metodoloxía: Charla e debate cos alumnos.

- Espazos físicos: Aula de tutoría.

- Temporización: Durante o primeiro trimestre dedicarase 1 sesión de tutoría cos alumnos.

3. **Actividade:** Abordarase ao longo do curso calquera incidencia puntual que altere a convivencia do centro co alumnado implicado e a súa familia, se procede.

- Responsable: Equipo Directivo, titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Resolución do conflito de forma dialogada e, no seu caso, aplicación das Normas de Convivencia.

- Metodoloxía: Democrática e participativa.

- Espazos físicos: Centro.

- Temporización: Durante todo o curso.

4. **Actividade:** Analizarase en tutoría a marcha da convivencia da clase unha vez ao final de cada trimestre para analízalo posteriormente nas Xuntas de Avaliación.

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Cuestionario individual e debate da clase.

- Metodoloxía: Participativa e pactada.

- Espazos físicos: Aula de tutoría e Sala de Profesores.

- Temporización: Unha vez ao final de cada trimestre na sesión de tutoría e outra vez na Xunta de Avaliación do curso.

5. **Actividade:** Tratarase na hora de tutoría, cando o titor o considere necesario, calquera aspecto que afecte as boas relacións e a convivencia do grupo ou parte del.

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Resolución do conflito de forma dialogada e, no seu caso, aplicación das Normas de Convivencia.

- Metodoloxía: Democrática, pactada e participativa.

- Espazos físicos: Aula de tutoría.

- Temporización: Durante todo o curso.

6. **Actividade:** Desenvolvemento de habilidades de comunicación entre os alumnos de 3º e 4º da ESO para a mellora da convivencia do centro.

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Formación nas reunións de tutoría e material concreto para a súa aplicación na aula. Metodoloxía: Activa e participativa.

- Espazos físicos: Aula de tutoría.

- Temporización: 5 sesións de tutoría en 3º e 5 sesións de tutoría en 4º (10 sesións en total no ciclo).

7. **Actividade:** Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc, na etapa da ESO.

- Responsable: Titor en colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Formación nas reunións de tutoría e material concreto para a súa aplicación na aula. Metodoloxía: Activa e participativa

- Espazos físicos: Aula de tutoría.

- Temporización: Polo menos 1 sesión de tutoría en cada curso da ESO.

8. **Actividade:** Sensibilización contra os Malos tratos entre Iguais (bullying) na etapa da ESO.

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Forma de proceder para evitar que estas situacións déanse o centro. Formación nas reunións de tutoría e material para a súa aplicación na aula.

- Metodoloxía: Activa e participativa

- Espazos físicos: Aula de tutoría.

- Temporización: Polo menos 1 sesión de tutoría en cada curso da ESO.

9. **Actividade:** Formación a pais da etapa da ESO sobre os Malos tratos entre Compañeiros (bullying).

- Responsable: Departamento de Orientación.

- Recursos: Charla a pais onde se incida nas estratexias familiares que son máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.

- Metodoloxía: Información e debate.

- Espazos físicos: Sala de usos múltiples.

- Temporización: Unha sesión ao longo do curso.

10. **Actividade:** Celebración o día 30 de Xaneiro do: "Día escolar da non violencia e a paz"

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.

- Recursos: Actividades que destaquen a importancia das normas de convivencia e o respecto ás mesmas, facéndooas presentes na vida ordinaria do centro.

- Metodoloxía: Activa e participativa
- Espazos físicos: Sala de Usos múltiples e Aula de titoría.
- Temporización: 1 sesión de titoría en cada curso da ESO.

11. **Actividade:** Sensibilización contra os malos tratos á muller, na etapa da ESO, tendo moi presente o 25 de novembro como data de referencia.

- Responsable: Titor e colaboración do Departamento de Orientación.
- Recursos: Actividades que destaquen a importancia de previr e tratar a violencia por razón de sexo.
- Metodoloxía: Activa e participativa
- Espazos físicos: Sala de Usos múltiples, Aula de titoría e aula de audiovisuais.
- Temporización: 1 sesión de titoría en cada curso da ESO, coincidindo coa semana do 25 de novembro.

#### **4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN**

##### **4.1.-Procedementos xerais**

Os procedementos xerais de actuación no colexio ferroviario, sen excluír algunha variación propia do colexio, para situacións puntuais onde se observen alteracións do comportamento e malos tratos entre compañeiros, guíaranse fundamentalmente polos anexos II e III da Orde da Consellería de Educación (ORDE EDU/52/2005) de 26 de Xaneiro, relativa ao fomento da convivencia nos centros docentes de Galicia.

En concreto referímonos aos protocolos que achega a Orde sobre:

- ✓ ANEXO II: Procedemento Xeral de Actuación nun centro escolar con alumnos que presenten Alteracións do Comportamento. (Procedemento 1 e 2).
- ✓ ANEXO III: Procedemento Específico de Actuación nun centro escolar en situacións de posible Intimidación e Acoso entre alumnos (Bullying). (Procedemento 1, 2 e 3).

##### **4.2.-Procedementos específicos**

Os procedementos específicos de actuación no colexio ferroviario para manter unha boa convivencia e un clima positivo, derívanse das Normas de Convivencia do centro.

En concreto referímonos aos seguintes apartados que foron pactados por todos os sectores da comunidade educativa:

#### **1. Serán condutas contrarias ás Normas de Convivencia:**

- Faltas inxustificadas a clase.
- Atrasos inxustificados.
- Non facer caso das orientacións e indicacións de profesores e persoal non docente.

- d) Tratar con desconsideración ou non respectar a dignidade, integridade, intimidade, ideas e crenzas dos membros da comunidade escolar.
- e) Tratar con desconsideración ou non respectar aos compañeiros/as por razón de sexo ou raza.
- f) Non seguir con aproveitamento os estudos ou impedir o dereito a estudar dos seus compañeiros.
- g) Utilizar incorrectamente ou con descoido os bens e instalacións do centro.
- h) Non respectar as pertenzas do resto dos membros da comunidade educativa.
- i) Fumar no centro..

**2. Serán condutas gravemente contrarias ás Normas de Convivencia:**

- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves contra os membros da comunidade educativa.
- b) A reiteración, nun mesmo curso, de condutas contrarias ás Normas de Convivencia.
- c) A agresión grave, física ou moral, ou a discriminación grave contra os membros da comunidade escolar.
- d) A agresión grave, física ou moral, ou a discriminación grave por razóns de sexo ou raza.
- e) A suplantación de personalidade e a falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- f) Os danos graves causados nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens doutros membros da comunidade educativa.
- g) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento da actividade do centro.
- h) As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade dos membros da comunidade educativa ou a incitación ás mesmas.
- i) O incumprimento das sancións impostas.

**3. As medidas correctoras das condutas contrarias ás Normas de Convivencia poderán ser:**

- a) A amoestación privada e verbal do profesor, do titor ou do Xefe de Estudos.
- b) Quedar sen recreo.
- c) Quedar a realizar tarefas, cando terminou a xornada lectiva habitual.
- d) Acudir ao colexio pola tarde de 17,00 h a 19,00 h, para realizar actividades de estudo.
- e) A amoestación por escrito do profesor, do titor ou do Xefe de Estudos e comunicación aos pais ou titores.
- f) Realización de tarefas, encomendadas polo Xefe de Estudos, de amaño ou que contribúan a reparar o dano causado, ou a repor o material do centro.
- g) Rectificación pública, cando cumpra.
- h) Restitución ou reparación das pertenzas subtraídas ou danadas.
- i) Suspensión polo Xefe de Estudos do dereito a participar en actividades complementarias ou



extraescolares.

j) Suspensión polo Director do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro dun a tres días. O equipo directivo considera que esta medida non se aplicará con faltas leves, aínda que sexan repetitivas, en todos aqueles casos en que inducisen ao absentismo, deixamento ou que o comportamento derivado desa sanción non fose o desexado.

#### **4. Expediente disciplinario.**

a) As condutas gravemente contrarias ás Normas de Convivencia do centro serán corrixidas con medidas que impoña o Consello Escolar, de entre as previstas no artigo 53 do Real Decreto 732/1995, previa apertura de expediente.

b) Para a designación de instrutor de expediente o Director convocará á Comisión de Convivencia.

c) A designación realizarase por sorteo entre os compoñentes do Claustro de Profesores. Do devandito sorteo quedarán excluídos:

- Os membros do Equipo Directivo, do Consello Escolar, o xefe do Departamento de Orientación, e os profesores de Pedagogía Terapéutica e audición e linguaxe.
- Os profesores que impartan clase nos grupos dos alumnos incurso no expediente.
- Os profesores que estean efectuando algunha substitución de período inferior ao restante para que conclúa o curso escolar, ou que compartan centro.
- Os profesores que, no mesmo curso académico, xa desempeñasen tal función.

#### **5. Faltas de asistencia**

a) As faltas de asistencia dos alumnos consignaraas todo o profesorado do centro. A Xefatura de Estudos realizará semanalmente o control das faltas de asistencia, en estreita colaboración cos titores. A orientadora do centro realizará un seguimento exhaustivo do absentismo do alumnado da ESO, informando das diferentes xestións ao Xefe de Estudos.

b) Os alumnos deberán xustificar e informar sobre o motivo das súas faltas de asistencia ao centro en impreso oficial asinado polos seus pais ou titores e entregarao ao titor do seu grupo nos tres días seguintes á súa reincorporación ás clases. A consideración de falta xustificada decidirse conxuntamente polo titor e o Xefe de Estudos.

c) Se un alumno ten necesidade de abandonar o Centro en horario lectivo debe pedir permiso escrito, segundo modelo que se lle facilitará, ao xefe de estudos ou, na súa ausencia, a outro membro do equipo directivo quen o asinará se o cre oportuno e o alumno debe presentalo en secretaría para que o selen e permitan a súa saída e devolverao asinado polo seu pai, nai ou titor en canto volva.

d) Os pais que queiran ter un seguimento persoal e informatizado da asistencia a clase, actitude e comportamento do seu fillo, deberá informalo na matriculación.

e) Cando un alumno teña faltas inxustificadas, o titor informará por teléfono ou en entrevista aos pais de tal circunstancia.

- f) No caso de que un alumno acumule globalmente 30 faltas inxustificadas a aplicación dos sistemas extraordinarios de avaliación referirase a todas as áreas ou materias do curso.
- g) A Xefatura de Estudos, por delegación da Comisión de Convivencia, informará por escrito aos pais da aplicación do previsto no punto 2 do artigo 50 do R.R.I.
- h) As reclamacións contra devandita medida interporanse ante a Comisión de Convivencia.

## **6. Puntualidade**

- a) Profesores e alumnos acudirán con puntualidade a clase. Cando un alumno chegue tarde entrará en clase e deberá recuperar ese tempo fóra do horario lectivo.

## **7. Expulsións**

a) A exclusión do alumnado das aulas constitúe un recurso excepcional, tan só xustificable en beneficio do bo clima de traballo dos compañeiros do seu grupo. Se un profesor se ve neste caso, informará por escrito de tal incidencia á Xefatura de Estudos con mención expresa das circunstancias que motivaron a adopción de tal medida. Tal informe, ou amoestación, debe presentalo o profesor xunto co alumno ao xefe de estudos. Desta forma evítase a perda de tempo (respecto de que informen por separado). O xefe de estudos imporalle, se procede e logo de escoitalo, unha sanción acorde coa falta (pode ser simplemente unha corrección verbal sobre a súa conduta) e esixiralle un compromiso de modificación da súa conduta. Esta amoestación pasa ao expediente do alumno, infórmase no boletín trimestral de notas que se envía á familia. Se se acumulasen tres amoestacións dáse a coñecer aos pais cunha chamada especial.

Ademais, o profesor que emita unha amoestación debe mandar unha copia no caderno do alumno para que os pais a asinen. Ao cabo dun número que se determinará de amoestacións, o profesor imporalle un castigo adecuado do que se fará responsable.

## **8. Ausencias.**

a) Cando se produza a ausencia dun profesor, os alumnos do grupo correspondente permanecerán na súa aula ata que chegue o profesor de garda, quen se fará cargo deles.

## **9. Comisión de Convivencia**

### **a) Dependente do Consello Escolar.**

A Comisión de Convivencia dependerá do Consello Escolar e será quen elabore e aprobe o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da comunidade educativa.

**b) Funcionamento:**

- **Composición:**

A Comisión de Convivencia no Colexio Ferroviario estará constituída polo director, a xefe de estudos, orientadora, un pai, un profesor e un alumno.

- **Competencias:**

1. Asesorar a Dirección na incoación de expedientes.
2. Estudiar con urxencia os problemas que puidesen producirse, así como velar polo cumprimento deste regulamento.
3. Ser informada pola Xefatura de Estudos dos casos nos que se aplicou o previsto nos puntos 4 e 7 do artigo 44 e atender as posibles reclamacións.
4. Ser informada pola Dirección dos casos nos que se aplicou o previsto no punto 8 do artigo 44.
5. Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras, por delegación do Consello Escolar, nos supostos e termos por este establecidos, á luz do disposto no artigo 6 do citado R.D. (732/1995)

- **Infraestrutura e recursos:**

A Comisión de Convivencia no Colexio Ferroviario disporá dos medios necesarios para desenvolver o seu labor e resolver calquera conflito que xurda no centro.

- **Periodicidade de reunións:**

A Comisión de Convivencia no colexio ferroviario reunirse, cada vez que sexa necesario, por temas disciplinarios e polo menos unha vez ao trimestre.

- **Información das decisións:**

As conclusións que se deriven de cada reunión da Comisión de Convivencia serán entregadas para a súa información á Xunta de Delegados, titores e afectados. Así mesmo, darase información pública das conclusións a través do taboleiro de anuncios xunto á Dirección.

- **Coherencia na aplicación das normas:**

A Comisión de Convivencia garantirá a coherencia entre a aplicación da norma ou consecuencia ante un conflito determinando e a finalidade eminentemente educativa da mesma.

**5. MECANISMOS DE DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN**

Os mecanismos de seguimento e avaliación do Plan de Convivencia do colexio ferroviario, sen excluír ningún outro procedemento propio do centro que quedará reflectido na Memoria anual de centro, guíaranse fundamentalmente polo Artigo IV da Orde da Consellería de Educación (ORDE EDU/52/2005) de 26 de Xaneiro, relativa ao fomento da convivencia nos centros docentes de Galicia en concreto ao referido ás actuacións de seguimento e de avaliación.

De acordo co establecido nesta Orde, levaranse a cabo no centro docente as seguintes actuacións de seguimento e avaliación:

a) Trimestralmente as Comisións de convivencia dos Consellos Escolares elaborarán un informe que debe recoller as incidencias producidas neste período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos.

b) Unha copia do informe, que incorporará o estudo do Consello Escolar que sobre el realice na reunión ordinaria trimestral, enviarase á Dirección Provincial de Educación (Área de Inspección Educativa).